

## TEST:

### En que departamento do museo traballarías?

#### Cando atopas un obxecto vello pola casa, que fas?

- A) O limpo antes que o vexa ninguén
- B) Investigo sobre o obxecto e explico á xente a súa historia
- C) Busco outros obxectos semellantes en internet
- D) Non lle dou demasiada importancia, prefiro crear algo novo
- E) Vixío que non se volva a perder

#### Que é o que máis che gusta facer no colexio?

- A) Mirar que todos os obxectos da aula están igual que o día anterior
- B) Axudar aos compañeiros e compañeiras coas tarefas
- C) Ordenar os libros e materiais da aula
- D) Pintar na pizarra ou nas libretas
- E) Ver o que están a facer os meus compañeiros e compañeiras

#### Como te defines?

- A) Son unha persoa coidadosa e teño moita paciencia
- B) Encántame contar historias e tratar coa xente
- C) Son unha persoa ordeada e curiosa
- D) Son moi creativo/a e encántame experimentar
- E) Gústame o control e que as cousas se fagan según as normas

#### Cal é a asignatura ou disciplina coa que estás máis cómodo/a?

- A) As asignaturas científicas nas que se traballa nun laboratorio
- B) A historia
- C) As matemáticas
- D) Educación Plástica e Visual
- E) Educación física

#### Que fas ou como te sintes cando rompes algo sen querer?

- A) Síntome mal e tento reconstruír o obxecto

- B) Penso na importancia que tiña ese obxecto para min
- C) Non lle dou máis importancia, o que ten importancia é o novo non o vello
- D) Co que queda do obxecto creo algo novo; ensamblando as pezas ou aproveitándooas para facer outra cousa
- E) Coido todo moito e non se me rompe nada nunca

**Escolle un lugar fechado:**

- A) Un laboratorio
- B) Unha aula da clase
- C) Unha biblioteca
- D) Un taller
- E) Unha sala chea de ordenadores

**Escolle un obxecto:**

- A) Un microscopio
- B) Unha lupa
- C) Un libro
- D) Un pincel
- E) Unha cámara de vídeo

**En que te fixas cando vas a un museo?**

- A) No coidadas que están as obras de arte
- B) Nas historias que contan os cadros
- C) En como están ordenada a colección
- D) Na técnica empregada polo/a artista
- E) Nas cámaras de seguridade e os sistemas de alarma

## **Maioría de A:**

### **Conservación-Restauración.**

*Amañar cousas é o teu. O teu traballo é fundamental para que todo estea ben conservado.*

O restaurador ou restauradora é a persoa que se encarga de minimizar ou mesmo deter o deterioro dunha obra de arte ou dun obxecto con valor histórico-artístico. Cando unha peza está en mal estado é a persoa que lle devolve o aspecto orixinal. Para poder facer isto ben hai que examinar a obra con moito coidado e identificar as causas do seu deterioro.

Para os restauradores o máis importante é a conservación. Soamente restaurarán un obxecto artístico cando sexa imprescindible.

## **Maioría de B:**

### **Divulgación-Educación.**

*Es unha persoa a que lle gusta investigar e contar historias. Encántache compartir os teus novos descubrimentos e que a xente te escoite.*

Os divulgadores ou educadores dun museo son as persoas que traballan dando a coñecer o museo e o seu contido artístico aos visitantes. É un traballo no que se precisa moita sensibilidade e empatía xa que hai que saber explicar de xeito suxerente a arte a persoas de distintas idades e realidades socioeconómicas.

## **Maioría de C:**

### **Biblioteca-Documentación.**

*Gústache saber cousas novas, aprender e ler*

Case todos os museos contan cunha biblioteca na que os demais traballadores do museo se forman. O traballo dos bibliotecarios é seleccionar aquelas lecturas que, por estar relacionadas coa colección do museo ou a historia e realidade do lugar no que se atopa, poden ser interesantes para os traballadores e traballadoras, mais tamén para o público que visita o museo.

As persoas que traballan en documentación dentro do museo fan moitas labores; o seu traballo vai desde a conservación ata o rexistro e inventariado de obras. Todas as pezas de arte que chegan a un museo teñen que ser inventariadas e catalogadas. Para iso as obras teñen un número, coma se fora a matrícula dun coche, de xeito de

que todo estea sempre ordenado e localizado. Son as persoas que máis coñecen a colección do museo.

### **Maioría de D:**

#### **Artista-Comisario.**

*A túa forma de expresar o que sintes e o que pensas é a través da arte. O teu forte é a creatividade e ante un problema, buscas unha solución orixinal.*

Aínda que non son traballadores dos museos, os e as artistas son unha parte esencial desta institución.

O traballo máis creativo do museo é o de ordenar os cadros nas salas para que transmitan unha historia. En cada exposición hai un relato, unha historia, unha mensaxe que o comisario ou comisaria quere enviar ó espectador/a

### **Maioría de E:**

#### **Seguridade**

*Buscas que todo o mundo estea a salvo e que todo estea no seu sitio. Gracias a ti, todos podemos desfrutar do que é de todos.*

Nos museos exhibense pezas artísticas de gran valor, polo que é necesario un sistema de seguridade que vixie que esas obras artísticas permanezan no museo para o desfrute de todas as cidadás e cidadáns.

Os e as gardas de seguridade vixían, a través das cámaras, que ninguén dane as pezas artísticas e que permanezcan no seu sitio. Aínda que traballan por quendas, o seu traballo é de 24 horas ao día, 7 días á semana.